NOTA DE PRENSA

A Coruña, a 31 de outubro do 2017

ASUNTO: V CONGRESO FREMSS SOBRE A SOSTIBILIDADE SOCIAL E ECONÓMICA DO SECTOR PESQUEIRO.

Pola presente informamos que o próximo 7 e 8 de novembro, na Lonxa da Coruña celebrarase o V CONGRESO FREMSS SOBRE A SOSTIBILIDADE SOCIAL E ECONÓMICA DO SECTOR PESQUEIRO; un ano mais a Fundación FREMSS propiciará o debate e o intercambio de ideas sobre aspectos relevantes para a pesca dende diferentes puntos de vista.

O Congreso será inaugurado entre outros polo Alcalde de A Coruña e a Conselleira do Mar no Salón de Actos da Lonxa Coruñesa o día 7 de novembro a partires das 10 horas.

O día 7 de novembro, en horario de mañá, a partires das 10 horas, terá lugar**unha Mesa sobre o Brexit,** na que participará a Consellería do Mar Rosa Quintana, o Presidente de FREMSS Juan Carlos Corrás e o Catedrático de Dereito internacional José Manuel Sobrino Heredia, entre outros.

Xa en horario de tarde a partires das 17 horas ese mesmo día, terá lugar a segunda Mesa sobre a **Política Marítima Integrada** que moderada polo Presidente da Autoridade Portuaria da Coruña terá como participantes o Presidente de ARVI don Javier Touza Touza, a Directora Xeral de Pesca Mercedes Rodriguez Moreda, e ó Presidente da Federación Nacional de Confrarías, don José Basilio Otero Rodríguez.

O día 9, ás 9,30 celebrarse a Mesa que leva o enunciado de **retos da participación do sector pesqueiro nas estruturas científicas e de xestión pesqueira,** na que participarán científicos como Arantza Murillas-Maza investigadora de AZTI, ou o catedrático de Análises económico José María da Rocha Álvarez.

O Congreso rematará cunha conferencia de Diego Rial Conde, científico do IEO de Vigo sobre **os EFECTOS DA CONTAMINACIÓN NO ECOSISTEMA MARIÑO E O SEU PERIGO PARA A PESCA**.

O acto de clausura se realizará o día 9 ás 13 horas, no que intervirán entre outros o Reitor da Universidade de Coruña Xulio Abalde, e o Presidente da Autoridade Portuaria de A Coruña Enrique Losada.